



DATOS IDENTIFICATIVOS

Gramática galega I

Materia	Gramática galega I			
Código	V01G160V01602			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Soto Andion, Xosé			
Profesorado	Soto Andion, Xosé			
Correo-e	xsotoandion@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preséntase o concepto de morfoloxía así como a caracterización, as clases e o significado das unidades morfolóxicas, exercitando asemade a práctica da súa análise e segmentación.			

Competencias de titulación

Código	
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
- Saber os conceptos básicos da análise morfolóxica do galego.	A4	B2
- Saber identificar e clasificar as clases de palabras do galego e os procesos de formación de unidades.	A5	B5
- Saber explicar as características morfolóxicas das clases de palabras.	A6	
- Saber explicar a flexión e a derivación de nomes e verbos galegos.	A7	
- Saber manter unha actitude aberta cara ás diferenzas culturais mostradas reflectidas nas distintas características e procedementos morfolóxicos das linguas.	A8	

Contidos

Tema	
1. A morfoloxía	1.1. Concepción (tradicional, funcional, xenerativa) e límites 1.2. Relación con outras disciplinas lingüísticas

2. As unidades morfolóxicas en galego: caracterización, paradigmas e uso, análise e segmentación

2.1. Morfema e clases de morfemas
 2.2. Palabra e clases de palabras
 2.2.1 O verbo
 - Morfoloxía verbal: as conxugacións
 - Flexión verbal
 i) Tema: raíz e vogal temática
 ii) Desinencias: modo e valores modais, tempo e valores temporais, persoa, número.
 - Formas amodais e perífrases verbais
 2.2.2. O substantivo e o adxectivo: xénero e número
 2.2.3. Os pronomes persoais: paradigma e morfoloxía
 2.2.4. O artigo
 2.2.5. Cuantificadores e identificadores
 2.2.6. Posesivos, demostrativos e numerais
 2.2.7. O adverbio
 2.2.8. As Preposicións: caracterización, significado e clases

3. A formación de palabras en galego

3.1. A que chamamos "formación de palabras"
 3.2. Derivación
 - Por prefixación
 - Sen afixos
 - Por sufixación: nominal, adxectivo, verbal e adverbial
 3.3. Composición
 3.4. Outros procedementos de formación de palabras: onomatopea, acronimia, abreviatura...

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentacións/exposicións	4	8	12
Prácticas autónomas a través de TIC	1	7	8
Traballos de aula	2	6	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	20	24
Sesión maxistral	35	45	80
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	4	8	12
Traballos e proxectos	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentacións/exposicións	O docente guiará aos alumnos na presentación e exposición de traballos relacionados cos contidos do temario, resolverá as dúbidas que poidan xurdir e indicará as posibles melloras que a presentación do discente deba observar.
Prácticas autónomas a través de TIC	O docente servirse da plataforma TEMA para facilitarlles aos alumnos a realización de prácticas de segmentación e análise morfolóxica, lecturas, entrega de exercicios varios, comentarios e foros de opinión verbo dos contidos do curso.
Traballos de aula	O docente facilitará aos discentes exercicios relacionados coa análise morfolóxica e coa segmentación de unidades así coma a resolución de problemas sobre diversas cuestións do temario.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O docente propoñerálles aos alumnos diversos tipos de problemas e exercicios cada quince días para revisar e resolver cuestións relacionadas cos contidos da materia.
Sesión maxistral	O docente expoñerá nas clases os contidos do programa valéndose de explicacións, apuntamentos, textos de apoio e diapositivas Powerpoint. Facilitará ao discente a recollida de material, o comentario e resolución de dúbidas así como a participación e debate dos discentes arredor de diferentes cuestións que lle afecten á materia de gramática galega no tocante á súa morfoloxía.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	- O docente comentará cos alumnos, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións relacionadas cos contidos expostos na sesión maxistral. - O docente falará cos discentes dos problemas relacionados coas presentacións e exposicións realizadas. - O docente comentará cos discentes, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións que atinxen ás prácticas (análise e segmentación morfolóxica, foros de opinión, exercicios...) realizadas mediante a plataforma TEMA. - O docente comentará cos discentes, en grupos ou individualmente, problemas relacionados cos traballos de aula.

Presentacións/exposicións	- O docente comentará cos alumnos, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións relacionadas cos contidos expostos na sesión maxistral. - O docente falará cos discentes dos problemas relacionados coas presentacións e exposicións realizadas. - O docente comentará cos discentes, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións que atinxen ás prácticas (análise e segmentación morfolóxica, foros de opinión, exercicios...) realizadas mediante a plataforma TEMA. - O docente comentará cos discentes, en grupos ou individualmente, problemas relacionados cos traballos de aula.
Prácticas autónomas a través de TIC	- O docente comentará cos alumnos, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións relacionadas cos contidos expostos na sesión maxistral. - O docente falará cos discentes dos problemas relacionados coas presentacións e exposicións realizadas. - O docente comentará cos discentes, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións que atinxen ás prácticas (análise e segmentación morfolóxica, foros de opinión, exercicios...) realizadas mediante a plataforma TEMA. - O docente comentará cos discentes, en grupos ou individualmente, problemas relacionados cos traballos de aula.
Traballos de aula	- O docente comentará cos alumnos, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións relacionadas cos contidos expostos na sesión maxistral. - O docente falará cos discentes dos problemas relacionados coas presentacións e exposicións realizadas. - O docente comentará cos discentes, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións que atinxen ás prácticas (análise e segmentación morfolóxica, foros de opinión, exercicios...) realizadas mediante a plataforma TEMA. - O docente comentará cos discentes, en grupos ou individualmente, problemas relacionados cos traballos de aula.
Resolución de problemas e/ou exercicios	- O docente comentará cos alumnos, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións relacionadas cos contidos expostos na sesión maxistral. - O docente falará cos discentes dos problemas relacionados coas presentacións e exposicións realizadas. - O docente comentará cos discentes, individualmente ou en pequenos grupos, cuestións que atinxen ás prácticas (análise e segmentación morfolóxica, foros de opinión, exercicios...) realizadas mediante a plataforma TEMA. - O docente comentará cos discentes, en grupos ou individualmente, problemas relacionados cos traballos de aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Presentacións individuais sobre un tema proposto polo profesor.	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame ó final do cuadrimestre dos contidos da materia.	60
Traballos e proxectos	Traballo, que se entregará ó final do cuadrimestre, sobre algún aspecto do temario.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno poderá escoller entre avaliación única ou continua. A avaliación única consistirá nun exame de toda a materia ao final do cuadrimestre, na semana seguinte á do remate do curso. A este exame poden presentarse tanto os que opten pola avaliación única coma os que incumpran as condicións esixidas para a avaliación continua.

A avaliación única e a continua son excluíntes; esta última esixe unha presencialidade do 80%. Calquera estudante que suspenda a avaliación continua non se pode presentar á avaliación única e viceversa.

Na convocatoria de xullo haberá un exame final de toda a materia e, nesta convocatoria, os alumnos de avaliación continua que non superaron a primeira convocatoria realizarán un exame na data que determine a facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Ackema, Peter / Ad Neeleman (2004): *Beyond Morphology. Interface Conditions on Words Formation*, Oxford / New York: Oxford University Press.

_____ (2008): □La sufijación verbal, la circunfijación verbal y la sufijación verbal homogénea en el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España), *Quaderni di Semantica*, XXIX, 2, 343-392.

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia, a partir da páxina 221.

Bosque, Ignacio / Violeta Demonte, eds., (1999), *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol. 3, quinta parte, Madrid: Espasa-Calpe.

Fernández Pérez, Milagros (1993): *Las categorías gramaticales morfológicas en español*, Verba, anexo 35, Universidade de Santiago de Compostela.

González Pereira, Miguel / Francisco Albertuz Carneiro (2000): [Morfoloxía], en Ramallo, Fernando / Gabriel Rei-Doval / Xoán Paulo Rodríguez, *Manual de ciencias da linguaxe*, Vigo: Xerais, 585-627.

Matthews, P. H. (1980): *Morfología. Introducción a la teoría de la estructura de las palabras*, Madrid: Paraninfo.

Simone, Raffaele (1993): *Fundamentos de lingüística*, Barcelona: Ariel.

Varela, Soledad (1990): *Fundamentos de morfología*, Madrid: Síntesis.

Veiga, Alexandre (1983): [Cantei no sistema temporal do verbo galego], *Verba*, 10, 203-222.

Vilela, Mário (1994): [Português: formação de palavras], en Holtus, Gunter / Michel Metzeltin / Charles Schmitt (eds.): *Lexicon der Romanistischen Linguistik*, Max Niemeyer Verlag, VI/2 (Galegisch, Portugiesisch), 216-232.

Xove, Xosé (2005): [O verbo galego: usos e abusos, descrición e prescrición], en Álvarez, R. et al.: *Norma lingüística e variación*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 313-334.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Gramática galega II/V01G160V01603

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Gramática galega II/V01G160V01603

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación oral e escrita: Galego II/V01G160V01405

Estrutura e análise das linguas galega e española: Introducción á sintaxe/V01G160V01301
